

distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados.

8. Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do interesado/a en que conste o código conta do cliente.

9. Solicitude fóra de prazo.

10. Non cumprir co obxecto ou destinatarios das axudas.

11. Solicitar estadias fóra de prazo ou de duración superior á recollida nas bases.

Terceiro.-No prazo de 10 días naturais desde o remate da actividade ou desde a publicación da resolución de concesión, no caso de terse celebrado a actividade antes da súa publicación e, en todo caso, antes do 10 de outubro de 2005, os beneficiarios deberán presentar a documentación xustificativa que se indica a seguir:

a) Memoria final das actividades realizadas.

b) Informe do director do centro de destino con indicación do tempo de permanencia, traducido a algunha das linguas oficiais da comunidade autónoma.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas, tanto das concedidas como das pendentes de resolución.

Cuarto.-As axudas concedidas faranse efectivas mediante libramento único e directo aos beneficiarios após a completa xustificación do cumprimento da estadia e condicións establecidas nesta orde.

Quinto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria do 28 de febreiro de 2005 suporá a perda do dereito a percibir a subvención concedida.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL**

*Orde do 14 de xuño de 2005 pola que se regula a concesión das axudas destinadas á participación e adquisición de animais nos certames de gando de raza pura de carácter nacional e internacional para celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A orde do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación do 17 de marzo de 1988, pola que se actualizan e regulan os certames de gando de raza pura de carácter nacional e internacional e se fixan os estímulos á participación nos mesmos, establece as bases de fomento a estas actividades.

A Orde APA/847/2005, do 30 de marzo, que modifica a anterior, establece que co novo marco normativo imposto pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro, faise preciso adaptar as bases reguladoras das ditas axudas.

Os certames gandeiros teñen como obxectivo pór de manifesto os logros obtidos no proceso selectivo, mostrar os seus avances e dar a coñecer as razas gandeiras con implantación en Galicia, tanto na mellora das súas producións como na extensión do número de criadores, co valor engadido de xerar un mercado de reprodutores selectos.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

#### *DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras das axudas encamiñadas a estimular a participación e adquisición de exemplares de gando de raza pura nos distintos certames de carácter nacional e internacional para celebrar durante o ano 2005 na Comunidade Autónoma de Galicia e proceder á súa convocatoria para o ano 2005.

Artigo 2º.-Calendario e exixencias sanitarias e zootécnicas.

A Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, tendo en conta as propostas das entidades públicas, das organizacións ou asociacións de criadores de raza pura, e das comunidades autónomas onde se van celebrar estas manifestacións, confeccionou o calendario de certames gandeiros para o primeiro semestre do ano 2005.

No anexo III desta orde relaciónanse os certames para celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Calquera ampliación do calendario de certames será aprobado mediante resolución da Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que será publicada a través da páxina web do devandito ministerio e da páxina web da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

As exixencias sanitarias dos animais e explotacións participantes e das explotacións de destino, e as exixencias zootécnicas dos animais participantes nos distintos certames están recollidos no anexo I da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 17 de marzo de 1988 (BOE nº 81, do martes 5 de abril de 2005).

Artigo 3º.-Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación desta orde será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

Serán beneficiarios das axudas pola participación e adquisición de animais os titulares das explotacións gandeiras e as asociacións de criadores de razas puras ou as súas federacións, cooperativas gandeiras e sociedades agrarias de transformación que cumpran cos requisitos establecidos no anexo I da orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 17 de marzo de 1988.

Os criadores que participen nos distintos programas deberán cumprir na súa explotación as normas mínimas autonómicas, estatais e comunitarias en materia sanitaria, de identificación, de alimentación, de ambiente, de hixiene e benestar dos animais.

Artigo 5º.-Axudas.

5.1. As axudas poderán consistir en:

a) Subvencións a tanto alzado por animal pola súa participación en certames gandeiros, nacionais e internacionais que se celebren en Galicia.

b) Subvencións para a adquisición de gando nas poxas e concursos-poxa nacionais que se celebren en Galicia.

5.2. A contía máxima das axudas será a seguinte:

a) Por cada animal participante en concursos, concursos-poxas, poxas nacionais, exposicións nacionais e internacionais, a subvención non superará as cantidades seguintes:

\* Concursos-poxa e exposicións nacionais e internacionais:

-Bovinos e equinos: 50 euros.

-Porcino: 20 euros.

-Ovino e cabrún: 16 euros.

\*En poxas nacionais: as cantidades anteriores reducidas ao 50 por cento.

Cunha subvención máxima global por raza e certame de 15.000 euros para bovino e equino, 6.400 euros para ovino e cabrún e 8.000 euros para porcino.

b) Por cada animal adquirido da raza rubia galega nas poxas nacionais e concursos poxas a subvención non superará os 760 € por macho e os 400 € por femia, cun número máximo de reprodutores a adquirir de 40 machos e 40 femias. Os exemplares adjudicados ás asociacións de criadores de razas puras ou as súas federacións, cooperativas gandeiras e sociedades agrarias de transformación terán dereito a unha subvención adicional dun 10 por cento sobre a establecida para os gandeiros individuais.

En todo caso debe tratarse de exemplares valorados con índice xenético positivo de acordo co esquema

de selección da súa raza ou exemplares fillos de sementais con proba de descendencia positiva.

Estos méritos xenéticos deben figurar na carta xenealóxica dos animais ofertados.

A dita condición deber ser, con carácter obrigatorio, verificada polo inspector de raza, e figurar certificada no impreso oficial de poxa.

Artigo 6º.-Solicitudes e prazos de presentación.

6.1. Presentación de solicitudes como compradores de gando: poderán participar como compradores nas poxas nacionais ou concursos-poxa de gando selecto para celebrar en Galicia, as persoas físicas ou xurídicas propietarias de explotacións gandeiras e os titulares de paradas de sementais oficialmente aprobadas, sempre que se dean as seguintes condicións:

a) Que acrediten a súa condición de titular de explotación ou de parada de sementais ante os servizos correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante solicitude que conteña polo menos os requisitos e datos que figuran no modelo establecido no anexo I desta disposición.

b) Comprometerse a cumprir os requisitos determinados polos programas que, con carácter específico, teña establecido a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en materia gandeira, segundo os casos.

c) Dispor antes da poxa ou completar coas femias adquiridas na mesma dos efectivos mínimos por explotación que fixan as respectivas regulamentacións específicas dos seus libros xenealóxicos.

d) Comprometerse a cumprir os programas de saneamento gandeiro oficialmente establecidos.

No caso de titulares de explotacións gandeiras, o número máximo de machos para solicitar non superará o 3 por 100 do número de reproductoras existentes na súa explotación.

6.2. As entidades públicas non poderán presentar nin adquirir gando nos certames regulados por esta disposición salvo no caso de exposicións de carácter nacional, sen percibir por isto ningún tipo de axuda.

6.3. As solicitudes de axuda, segundo o modelo do anexo I, presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, nos 40 días seguintes á celebración do evento. Así mesmo poderanse presentar nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou a algunha das entidades que integran a Administración local, se neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos

servizos postais, presentándose en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar, se faga constar, con claridade, o nome da oficina, a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

Á solicitude de axuda, segundo o modelo do anexo I, deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIF cotexada.
- Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante, se é o caso.
- Acreditación da representatividade do solicitante, se é caso.
- Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta na que se solicita o ingreso do importe da axuda.
- Documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos do solicitante.
- Unha copia da acta levantada polo director do certame, que conteña os datos do gandeiro participante ou adxudicatario e a relación de exemplares cos que participou ou que lle foron asignados en pública poxa, detallados por especies e razas facendo constar expresamente, se é o caso, se o adxudicatario é unha entidade asociativa gandeira.

-Certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Consellería de Economía e Facenda e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas coas mesmas e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou, se é o caso, cubrir debidamente asinada, a autorización que figura no anexo II, para os efectos de que a consellería os poida solicitar por vía informática.

-Declaración do conxunto de toda as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Non obstante, quedan exentas de presentar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, as especificadas no artigo 41 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

6.4. Os titulares de explotacións gandeiras, cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación, criadores de razas puras, que leven animais para participar nos certames, poderán solicitar as axudas establecidas pola participación nos 40 días naturais seguintes á finalización do mesmo. As axudas por adquisición de reprodutores deberán solicitarse no mesmo prazo.

Artigo 7º.-Tramitación e resolución.

A instrución do expediente de axuda corresponde á Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

De acordo co artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas conforme os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nesta norma reguladora, será efectuada por un órgano colexiado constituído para o efecto, formado por: presidente o subdirector xeral de Gandería; vogal o xefe do Servizo de Planificación Gandeira, e secretario o xefe do Servizo de Producción Gandeira. Unha vez avalidadas as solicitudes, este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución.

A resolución das axudas realizarase motivadamente polo conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

O prazo máximo para a resolución e notificación será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente, a aprobación da solicitude. A falla de comunicación no dito prazo poderase entender desestimatoria das peticións de axuda. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación; ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

En ningún caso o importe concedido poderá superar o valor do animal.

Artigo 8º.-Criterios de adxudicación.

Na concesión das subvencións terán preferencia, polo menos, as solicitudes de titulares das explotacións gandeiras que participen a título individual, sobre as das cooperativas gandeiras e sociedades agrarias de transformación e estas, á súa vez, sobre asociacións de criadores de razas puras ou as súas federacións. En cada grupo de beneficiarios resultante da aplicación deste criterio xeral, valorarase o impacto desta actividade na viabilidade da explotación e a repercusión na mellora da eficiencia dos procesos produtivos da mesma.

De acordo co disposto no artigo 5 da orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 17 de marzo de 1988, pola que se actualizan e regulan os certames de gando de raza pura de carácter nacional e internacional e se fixan os estímulos á participación nos mesmos e establece as bases de fomento a estas actividades, modificada pola Orde APA/847/2005, do 30 de marzo, unha vez aplicada a dita preferencia, cando o importe das solicitudes con dereito a axudas a exceda, no que respecta aos importes que se financien mediante os fondos achegados polo Ministerio de Agricultura,

Pesca e Alimentación, da contía total dispoñible, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas, co fin de non superar a dita contía total.

O pagamento da subvención realizarase despois da xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos nesta orde.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado, de tal xeito que aqueles gastos presentados nos que non se xustifique o seu pagamento, terán que ser xustificadas no momento no que sexa realizado, para que a axuda poida ser pagada. Por regra xeral, os pagamentos realizados polo beneficiario final deberán xustificarse mediante facturas orixinais pagadas. Nos casos nos que isto non sexa posible, os pagamentos serán xustificadas por documentos contables de valor probatorio equivalente.

Para estas axudas enténdese que os xustificantes da execución das actividades subvencionables se achegan xunto coa solicitude.

Artigo 9º.-Compatibilidade e modificación das axudas.

9.1. As subvencións previstas nesta orde serán compatibles con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, poidan conceder outras administracións públicas, entes públicos adscritos ou dependentes das mesmas, tanto nacionais como internacionais, e outras persoas físicas ou xurídicas de natureza privada. De acordo co artigo 30 punto 4º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando as actividades foron financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Non obstante, o importe da subvención, xa sexa por si soa ou en concorrencia con outra ou outras das axudas ou subvencións que poida conceder calquera outra Administración ou ente público ou persoa física ou xurídica privada, non poderá superar o custo total da actividade obxecto da subvención, nin os límites establecidos na normativa comunitaria sobre axudas estatais ao sector agrario, neste suposto dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas nesta orde, ata respectar o dito límite.

9.2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Así mesmo, a obtención concorrente de subvención outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere os máximos previstos nesta orde ou na normativa comunitaria aplicable, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas nesta orde, ata respectar o dito límite.

Artigo 10º.-Reintegro da axuda e obriga de facilitar información.

O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e nos demais supostos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no réxime sancionador sinalado no artigo 79 da mesma lei (Decreto legislativo 1/1999).

Así mesmo ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle sexan solicitadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artículo 11º.-Financiamento.

1. As axudas que deriven da aplicación desta orde financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005:

09.03.614-A.771.0: 52.010,01 euros.

Estas axudas son cofinanciadas polo Feoga-Orientación nun 75%.

A concesión da axuda estará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así mesmo os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

#### *Disposición adicional*

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos artigos 78 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e na orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 17 de marzo de 1988, pola que se actualizan e regulan os certames de gando de raza pura de carácter nacional e internacional e se fixan os estímulos á participación neles, establece as bases de fomento a estas actividades.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes  
Conselleiro de Política Agroalimentaria  
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE**  
**POLÍTICA AGROALIMENTARIA**  
**E DESENVOLVEMENTO RURAL**



**MINISTERIO DE**  
**AGRICULTURA, PESCA**  
**E ALIMENTACIÓN**

**UNIÓN**  
**EUROPEA**  
**FEOGA**



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DESTINADAS Á PARTICIPACIÓN E ADQUISICIÓN DE ANIMAIS NOS CERTAMES DE GANDO DE RAZA PURA DE CARÁCTER NACIONAL E INTERNACIONAL PARA CELEBRAR NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>AG537B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

GANDEIRO OU ENTIDADE					NIF OU CIF	
ENDEREZO				CONCELLO		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	E-MAIL		

**E na súa representación**

APELIDOS		NOME		NIF	
ENDEREZO				CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	E-MAIL	

**DATOS DA AXUDA**

TIPO DE CERTAME		LUGAR		DATA	
Nº ANIMAIS PRESENTADOS	ESPECIE	RAZA		Nº MACHOS	Nº FEMIAS
Nº ANIMAIS ADQUIRIDOS	ESPECIE	RAZA		Nº MACHOS	Nº FEMIAS

**DATOS BANCARIOS**

BANCO		OFICINA			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE		

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE.
- FOTOCOPIA COTEXADA DO DNI OU DO NIF.
- CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA NA QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.
- CERTIFICADOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT), DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA E DA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL ACREDITATIVOS DE ENCONTRARSE AO CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS COAS MESMAS E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBEDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A AUTORIZACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO II, PARA OS EFECTOS DE QUE POLA CONSELLERÍA SE POIDAN SOLICITAR POR VÍA INFORMÁTICA.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES.
- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DO SOLICITANTE.
- UNHA COPIA DA ACTA LEVANTADA POLO DIRECTOR DO CERTAME, QUE CONTEÑA A RELACIÓN DE GANDEIROS PARTICIPANTES E O NÚMERO DE EXEMPLARES PROPIEDAD DE CADA UN, DETALLADOS POR ESPECIES E RAZAS, E SE É O CASO, OS GANDEIROS ADQUIRENTES DO GANDO. SE FOSEN ADXUDICADOS A ENTIDADES ASOCIATIVAS GANDEIRAS, FARASE CONSTAR EXPRESAMENTE ESTA CIRCUNSTANCIA.

O/A abaixo asinante declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e polo tanto solicita que se sexa concedida a axuda establecida na Orde do \_\_\_\_\_ pola que se regulan os certames de gando de raza pura de carácter nacional e internacional, e pola que se fixan estímulos á participación nos mesmos. É comprométese a cumprir os programas de saneamento gandeiro oficialmente establecidos e os requisitos determinados polos programas que, con carácter específico, teña establecido a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de materia gandeira

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 14 de xuño de 2005 pola que se regula a concesión de axudas destinadas á participación e adquisición de animais nos certames de gando de raza pura de carácter nacional e internacional para celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>  <i>Orde do 17 de marzo de 1998, pola que se actualizan e regulan os certames de gando de raza pura, de carácter nacional e internacional e se fixan estímulos á participación nos mesmos.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA / / DATA DE EFECTOS / / DATA DE SAÍDA / /
	SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 2005	

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

## ANEXO II

D./Dña. \_\_\_\_\_, en nome propio ou en representación da entidade \_\_\_\_\_ con DNI ou CIF da entidade \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_

**AUTORIZO:**

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información, propia ou da entidade \_\_\_\_\_, a que se refire o artigo 78.4.c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

E tamén para que, de conformidade co RD 209/2003, do 21 de febreiro, solicite á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información, propia ou da entidade \_\_\_\_\_, emitindo o correspondente certificado que acredite estar ao día das obrigas coa mesma. Así mesmo autorizo a que este certificado sexa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social por medios telemáticos segundo estipula o RD 209/2003.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

Asdo.

## ANEXO III

Calendario dos certames gandeiros para celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia previstos para o primeiro semestre do 2005.

## -Concurso-poxa nacional:

Enderezo: Adai-Lugo.  
Data certame: 23-25 de xuño.  
Data poxa: 25 de xuño.  
Especie: vacún.  
Raza: rubia galega.  
Sexo: M e F.

## -Exposición nacional:

Exposición: Semana Verde de Galicia.  
Lugar: Silleda.  
Data: 15-19 de xuño.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Decreto 159/2005, do 2 de xuño, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.*

O Real decreto 63/1995, do 20 de xaneiro, sobre ordenación de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde establece no seu anexo II que, conforme o previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade e na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, os servizos públicos de saúde deberán reclamar aos terceiros obrigados ao pagamento o importe